

1 Proxecto de Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas
2 artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens
3 Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ás ditas
4 ensinanzas.

5

6 A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios
7 xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 56, os aspectos
8 básicos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración
9 de Bens Culturais.

10

11 O Decreto 352/1991, do 17 de outubro, creou a Escola Superior de Conservación
12 e Restauración de Bens Culturais de Galicia, con sede en Pontevedra.

13

14 O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do
15 Real decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación
16 das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola citada Lei orgánica, e
17 continúa coa publicación do Real decreto 635/2010, de 14 de maio, polo que se
18 regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
19 Conservación e Restauración de Bens Culturais.

20

21 Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 635/2010 dispón que as
22 administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán o plan
23 de estudos, completando ata o total de 240 créditos os mínimos fixados nese
24 Real decreto, de conformidade cos criterios que nel se determinan.

25

26 Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación
27 Universitaria, vista a proposta da Escola de Conservación e Restauración de
28 Bens Culturais de Galicia, estableza o plan de estudos destas ensinanzas
29 para o seu ámbito competencial.

30

31 A finalidade da presente norma é a de definir o plan de estudos con identidade
32 propia e con capacidade de adaptación ás particularidades da Escola de
33 Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, con criterios de
34 rigor, calidade e excelencia. Asemade, preténdese potenciar a diversidade de

1 procesos formativos para garantir un alto nivel de cualificación aos graduados
2 e graduadas en Conservación e Restauración de Bens Culturais e posibilitar
3 que os currículos se poidan adaptar ás expectativas e intereses formativos do
4 alumnado, así como á demanda social do tecido cultural e empresarial.

5

6 Asemade, a presente orde establece as disposicións referentes á proba de
7 acceso a estas ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real
8 decreto 635/2010, de 14 de maio.

9

10 E consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola
11 normativa anteriormente citada, a Consellería de Educación e Ordenación
12 Universitaria

13

14

DISPÓN

15

16

Capítulo I

17

Disposicións xerais

18

19 **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

20

21 1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 635/2010, de 14 de maio,
22 polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de
23 grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei
24 2/2006, de 3 de maio, de Educación, a presente orde dispón, vista a proposta
25 da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra,
26 o plan de estudos para as ensinanzas de grao en Conservación e
27 Restauración de Bens Culturais.

28 2. Esta orde regula igualmente os procedementos para o acceso a estas
29 ensinanzas.

30 3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma
31 de Galicia.

32

33 **Artigo 2.- Finalidade das ensinanzas de grao en Conservación e Restauración**
34 **de Bens Culturais.**

1As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou
2graduada en Conservación e Restauración de Bens Culturais deberán
3proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través do
4desenvolvemento das materias que conforman a especialidade elixida, co fin
5de garantir a cualificación dos futuros profesionais da Conservación e
6Restauración de Bens Culturais, nos ámbitos relativos á concepción,
7formulación, comunicación e dirección dos proxectos propios de cada
8especialidade, e á creación e investigación.

9

10

Capítulo II

11

Estrutura das ensinanzas

12

13Artigo 3.-Estrutura básica do Título.

141. A duración das ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de
15Bens Culturais en cada una das súas especialidades, comprenderá catro
16cursos académicos, de 60 créditos ECTS cada un, cun total de 240 créditos
17ECTS, de acordo co Sistema Europeo de Transferencia de Créditos.

182. Para os efectos do establecido no apartado anterior sobre os créditos
19europeos, terase en conta o previsto no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do
2026 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas
21superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e
22no artigo 6 do Real decreto 635/2010, de 14 de maio, polo que se regula o
23contido básico das ensinanzas superiores de grao en Conservación e
24Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio, de
25Educación.

263. Os dous primeiros cursos do plan de estudos serán comúns, para todos os
27efectos e a todas as especialidades dos estudos de grao en Conservación e
28Restauración de Bens Culturais, e os dous últimos cursos do plan de estudos
29serán diferenciados segundo cada unha das especialidades do mesmo Título.

30

31Artigo 4.- Crédito europeo

32 1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26 de
33 outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas
34 superiores reguladas pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o

1 haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos
2 previstos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos
3 oficiais de ensinanzas artísticas superiores , medirase en créditos
4 europeos ECTS.

5 2. Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e
6 prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con
7 inclusión das horas de estudo e de traballo así como mostras públicas e
8 probas que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos
9 formativos propios de cada unha das materias do plan de estudos.

10 3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias
11 integradas no plan de estudos que deba cursar o estudante.

12 4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número
13 de horas, entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a
14 tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas
15 superiores durante 38 semanas por curso académico.

16 5. O número de horas por crédito ECTS será de 25, en desenvolvemento
17 do establecido polo Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, no seu
18 artigo 4.4.

19

20

Capítulo III

21

O plan de estudos

22

23Artigo 5.- Especialidades

24As especialidades que configuran as ensinanzas de grao en Conservación e
25Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia son as
26seguintes:

27 - Bens Arqueolóxicos.

28 - Escultura.

29 - Pintura.

30

31Artigo 6.-Competencias e perfís profesionais.

32De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 635/2010, do 14
33de maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores
34de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais establecidas na Lei

12/2006, de 3 de maio de Educación, as competencias transversais, as
2competencias xerais, e as competencias específicas e os perfís profesionais
3definidos para cada unha das especialidades, son as que se determinan no
4anexo I do citado Real decreto.

5

6**Artigo 7.- Estrutura.**

72. A distribución dos 240 créditos ECTS e das materias que os completan
8respectarán os seguintes criterios:

9 a) As materias de formación básica do Título de grao en Deseño son
10 as que figuran no anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que
11 nela se establecen.

12 b) As materias obrigatorias de especialidade do Título de grao en
13 Deseño serán as que figuran no anexo I deste Decreto e terán os
14 créditos ECTS que nel se establecen.

15 c) As Prácticas Externas corresponderanlle entre 6 e 25 créditos ECTS,
16 e serán obxecto regulación específica.

17 d) O Traballo Fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no anexo
18 a esta Orde.

19

20**Artigo 8.- Matrícula**

211.- O alumnado só poderá realizar a matrícula nos estudos de grao en
22Conservación e Restauración de Bens Culturais para realizar estudos oficiais
23con carácter presencial.

242. A matrícula no primeiro curso será de curso completo.

253.- Para o segundo, terceiro e cuarto cursos, os alumnos e alumnas poderán
26formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse
27obrigatoriamente nas materias de formación básica que suporán, cando
28menos, un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento dos
29criterios de promoción que oportunamente se establezan.

304. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun curso,
31no caso de ter pendentes materias coa mesma denominación ou de carácter
32progresivo, de cursos anteriores.

33

34**Artigo 9.- Renuncia de matrícula**

1 O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante a dirección e
2 presentada no rexistro da Secretaría da Escola. O prazo para a renuncia
3 rematará o último día hábil do mes de setembro. A renuncia de matrícula
4 suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará a devolución de
5 taxas.

6

7 **Artigo 10.- Validación de materias**

8 1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días
9 hábiles contados a partir do primeiro día de clase, segundo o establecido
10 no calendario escolar fixado pola Consellería competente en materia de
11 Educación. Para a solicitude de validacións o alumnado deberá cubrir un
12 impreso oficial establecido nas normas de funcionamento da Escola e
13 achegar a documentación que corresponda.

14 2. As validacións de materias só se poden dar entre estudos do mesmo
15 nivel: superior e/ou universitario.

16 3. Para as validacións de estudos cursados terase en conta o disposto no
17 artigo 10 do Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido
18 básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e
19 Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
20 Educación ademais das seguintes especificacións:

21 a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra
22 comunidade autónoma e se traslade á Comunidade Autónoma de
23 Galicia, deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa
24 superados por eles que non se adapten ao currículo desta
25 comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá solicitar a
26 validación de materias que teña superadas no centro de orixe, por
27 aquelas do currículo desta comunidade autónoma, que teñan
28 relación directa no seu deseño curricular.

29 b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades
30 autónomas, o alumno ou alumna achegará as programacións das
31 materias superadas para que a escola poida establecer cales das
32 materias que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas.
33 Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
34 Profesional e Innovación Educativa, previo informe da dirección da

1 Escola, establecer as correspondentes validacións. Para a
2 elaboración do devandito informe, a dirección solicitará, de ser o
3 caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados
4 coas materias de que se trate.

5 c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do
6 alumno. Neste suposto, xuntarase ao dito expediente toda a
7 documentación relativa á devandita validación.

8 d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan
9 validables por ningunha das materias que figuran no currículo da
10 Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de
11 recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou
12 optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo
13 procedemento de adaptación das materias antes citado.

14

15Artigo 11.- Convocatorias ordinarias e extraordinarias

161. En cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a valoración
17 e avaliación do rendemento do alumnado nas materias anuais, unha
18 ordinaria e outra extraordinaria.

192. No caso de materias cuatrimestrais, as convocatorias para o primeiro
20 cuatrimestre realizarase nos dez días seguintes ao remate das actividades
21 lectivas presenciais correspondentes ao primeiro cuatrimestre, e
22 igualmente no caso das materias do segundo cuatrimestre.

233. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma
24 sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno non se
25 presente ás probas, estando matriculado. O alumnado poderá solicitar
26 anulación motivada de convocatoria que será resolta pola dirección da
27 Escola.

284. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado só
29 disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia.

30

31Artigo 12.- Anulación de convocatorias.

321. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, mediante
33 solicitude dirixida á dirección da Escola, que poderá presentar ate o último
34 día hábil do mes de xaneiro para a convocatoria ordinaria do primeiro

1 cuadrimestre, e ata o último día hábil do no mes de maio para a
2 convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre.

32. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria poderá
4 realizarse ata unha semana antes da data de realización da proba.

53. Correspóndelle ao director/a do centro conceder a anulación de
6 convocatoria, previo informe da xefatura de estudos, que, en todo caso,
7 deberá ter unha causa suficiente que a xustifique, non sendo admisible
8 como causa de anulación a falla de rendemento académico.

9

10 **Artigo 13.- Avaliación e sistema de cualificacións.**

11 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudante basearase no
12 grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias establecidas
13 de acordo co perfil profesional definido para cada unha das especialidades
14 recollidas nesta orde.

15 2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un
16 carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de
17 estudos. A avaliación do traballo fin de grao será única e requirirá ter
18 aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.

19 3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións didácticas
20 e serán obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que se
21 definan para tal fin.

22 4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá
23 superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.

24 5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da
25 aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno en
26 cada materia multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións que
27 correspondan á materia, e dividida a cifra resultante polo número de
28 créditos totais superados polo alumno.

29 6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con
30 cualificacións numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada unha
31 das materias do plan de estudos cualificaranse en escala numérica de 0 a
32 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse a súa correspondente
33 cualificación cualitativa:

1 0-4.9: Suspenso (SS)

2 5.0-6.9: Aprobado (AP)

3 7.0-8.9: Notable (NT)

4 9.0-10: Sobresáinte (SB)

5 7. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou
6 alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu
7 número non poderá exceder de unha por cada 20 alumnos/as matriculados
8 nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o
9 número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en cuxo caso poderase
10 conceder unha soa “Matrícula de Honra”.

11 8. A obtención do título de Graduado ou Graduada en conservación e
12 restauración de bens culturais requirirá a superación da totalidade das
13 materias, as Prácticas Externas e o Traballo fin de grao, que constitúen o
14 plan de estudos.

15

16 **Artigo 14.- Reclamación en contra das cualificacións.**

17 Os alumnos e as alumnas descontentos coas cualificacións outorgadas
18 poderán presentar a correspondente reclamación perante a dirección da
19 Escola, segundo modelo que se estableza nas normas de funcionamento, a
20 través da secretaría, nun prazo de dous días hábiles contados a partir do día
21 de comunicación pública das cualificacións. A dirección remitirá a reclamación
22 á xefatura de departamento, que no prazo de dous días hábiles logo de
23 recibila, emitirá un informe razoado ratificando ou rectificando a cualificación.
24 Este informe será remitido á dirección que resolverá no prazo de dous días
25 hábiles logo da recepción do mesmo, de acordo co proposto no dito informe, e
26 comunicará ao alumno ou alumna interesado e á xefatura de estudos, para o
27 seu coñecemento e para os efectos de rectificación, se procede, da
28 correspondente acta de cualificación.

29

30 **Artigo 15.- Promoción e permanencia.**

31 1. Os alumnos disporán dun máximo de catro convocatorias para superar
32 cada materia e dun máximo de dúas convocatorias para superar as
33 prácticas externas e o traballo fin de grao, respectivamente.

34 2. Os/as alumnos/as que teñan esgotadas as convocatorias establecidas,

1 poderán solicitar, perante a dirección da Escola, no prazo de quince días
2 contados a partir da comunicación da cualificación que da lugar ao
3 esgotamento da convocatoria, unha convocatoria adicional para cada
4 materia por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se
5 poida considerar como xustificación a falta de rendemento académico ou a
6 non asistencia á clase e demais actividades formativas programadas. As
7 solicitudes que se presenten serán informadas pola xefatura de
8 departamento que corresponda, facendo constar cantas circunstancias se
9 considerasen relevantes e cantos informes complementarios estime
10 oportunos. Unha vez elaborado o informe, que será preceptivo e
11 vinculante, trasladarase á dirección, que resolverá nun prazo máximo de
12 quince días, contados dende a data de presentación da solicitude do
13 alumno.

143. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez
15 para a presentación e a realización do exame e non implica o dereito de
16 asistencia a clase.

174. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder de seis cursos
18 académicos por especialidade.

19

20

Capítulo V

21 **Acceso ás ensinanzas de Grao en Conservación e Restauración de Bens** 22 **Culturais.**

23

24 **Artigo 16.- Requisitos xerais de acceso ás ensinanzas de Grao en** 25 **Conservación e Restauración de Bens Culturais.**

26 1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de Grao
27 en Conservación e Restauración de Bens Culturais requirirase estar en
28 posesión do título de bacharelato ou título declarado equivalente, ou ter
29 superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e
30 superar a proba específica de acceso á que se refire o artigo 56.1 da Lei
31 orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que terá como finalidade
32 valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con
33 aproveitamento estas ensinanzas.

34 2. A superación da proba específica á que fai referencia o punto

1 anterior faculta para matricularse unicamente no curso académico para
2 cuxo acceso fose convocada, en calquera dos centros do Estado onde
3 se cursen ditas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas
4 destes.

5

**6Artigo 17.- Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de
7dezanove anos.**

8 1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou
9 equivalente, e teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das
10 probas, deberán superar a proba establecida no artigo 69.5 da Lei
11 orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, debendo acreditar o
12 aspirante os seus coñecementos e a madurez en relación cos
13 obxectivos propios do bacharelato.

14 2. A proba á que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada
15 convocatoria, coa antelación suficiente á respecto da data de realización
16 da proba específica, para que os aspirantes que superen a primeira
17 poidan realizar a segunda.

18

**19Artigo 18.- Acceso directo aos estudos de grao en Conservación e
20Restauración de Bens Culturais**

21. Poderán acceder directamente aos estudos oficiais de grao en Conservación
22e Restauración de Bens Culturais, sen realizar a proba específica sinalada no
23artigo 16 desta orde, quen estea en posesión dun título de Técnico Superior de
24Artes Plásticas e Deseño.

25. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
26 Innovación Educativa establecer a porcentaxe de prazas sobre o total das
27 ofertadas en cada especialidade dos estudos de grao en Conservación e
28 Restauración de Bens Culturais, que se reservarán para esta modalidade de
29 acceso, así como os criterios de prelación na súa adxudicación.

30

31Artigo 19.-Convocatoria das probas de acceso

32De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo
33que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
34Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de

13 de maio de Educación, as probas de acceso convocaranse conforme ao
2procedemento que segue:

3 1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
4 Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización,
5 desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de
6 grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade
7 Autónoma de Galicia.

8 2. As probas de acceso ás ensinanzas de grao en deseño
9 realizaranse, cando menos, unha vez ao ano.

10 3. Para os efectos de garantir a eficacia dos principios de igualdade,
11 mérito e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso
12 ás ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens
13 Culturais, as probas terán carácter centralizado e serán supervisadas
14 por unha comisión nomeada ao efecto pola Dirección Xeral de
15 Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As normas
16 de funcionamento desta comisión serán obxecto de regulación
17 específica por parte da dita Dirección Xeral.

18 4. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
19 Educativa establecerá sistemas de información e procedementos de
20 acollida para os alumnos de novo ingreso. Estes sistemas e
21 procedementos deberán incluír, no caso de aspirantes o ingreso con
22 necesidades específicas derivadas de discapacidade, os servizos de
23 apoio e asesoramento axeitado, que valorarán a posibilidade de
24 adaptacións curriculares.

25

26

Capítulo VI

27

Desenvolvemento das probas de acceso

28

29Artigo 20.- Admisión ás probas de acceso

30 1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de rematado o prazo
31 de inscrición, a Comisión de probas de acceso fará públicas do xeito
32 que se determine na convocatoria, as listaxes de aspirantes admitidos,
33 que serán únicas para cada especialidade convocada.

34 2. Os interesados terán un prazo de dous días hábiles, para presentar as

1 reclamacións, cumprimentando e entregando na secretaría da escola no
2 que se inscribisen, o impreso oficial dispoñible nesta.

3 3. Recibidas as reclamacións a Comisión de probas de acceso resolverá
4 o que proceda, e dará a coñecer as listaxes definitivas de admitidos, o
5 calendario e lugar de realización das probas, con unha antelación
6 mínima de cinco días hábiles respecto do inicio destas.

7

**8Artigo 21.- Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores
9de dezanove anos.**

10 1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de
11 dezanove anos que deberán superar os aspirantes que non estean en
12 posesión da titulación requirida, será única para todas as
13 especialidades dos estudos de grao en grao en Conservación e
14 Restauración de Bens Culturais, e será válida para a realización da
15 proba específica de acceso a todas as ensinanzas artísticas superiores
16 na Comunidade Autónoma de Galicia.

17 2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.

18 3. A superación da devandita proba será condición indispensable para
19 concorrer á proba específica de acceso aos estudos de grao en
20 Conservación e Restauración de Bens Culturais.

21

22Artigo 22.- Proba de acceso específica.

23 1. A proba de acceso específica aos estudos de grao en Conservación e
24 Restauración de Bens Culturais será única para todos os aspirantes a
25 cursar ditos estudos na Comunidade Autónoma de Galicia, e
26 diferenciada segundo a especialidade destes.

27 2. A proba específica de acceso aos estudos de grao en Conservación e
28 Restauración de Bens Culturais versará sobre os coñecementos,
29 aptitudes e habilidades para cursar con aproveitamento estes estudos.

30

**31Artigo 23. - Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores
32para maiores de dezanove anos.**

10 resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas
2superiores para maiores de dezanove anos expresarase en termos de APTO
3ou NON APTO.

4

5Artigo 24. - Avaliación da proba de acceso específica.

6O resultado da avaliación da proba de acceso específica aos estudos de grao
7en Conservación e Restauración de Bens Culturais expresarase en termos
8numéricos nunha escala de 0 a 10, con dous decimais, resultado da media
9aritmética das cualificacións dos membros da Comisión Avaliadora da dita
10proba.

11

**12Artigo 25.- Comisións Avaliadoras das probas de acceso aos estudos de Grao
13en Conservación e Restauración de Bens Culturais.**

14 1.- A Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
15Educativa nomeará unha Comision Avaliadora para a organización, realización
16e avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para
17maiores de dezanove anos aos estudos de grao en Conservación e
18Restauración de Bens Culturais, integrada por profesorado de ensino
19secundario especialistas nas materias comúns do bacharelato, e de entre os
20integrantes da dita Comisión Avaliadora, en número impar en calquera caso,
21ao Presidente e Secretario desta.

22 2.-A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
23Educativa nomeará unha Comisión Avaliadora encargada da organización,
24realización e avaliación das probas específicas de acceso aos estudos de grao
25en Conservación e Restauración de Bens Culturais, integrada, cando menos,
26por cinco membros, en número impar en calquera caso, dos corpos de
27profesores ou mestres de taller de artes plásticas e deseño, e por docentes
28con destino na Escolas Superior de Conservación e Restauración de Bens
29Culturais de Galicia, e de entre os membros da citada Comisión Avaliadora, en
30número impar en calquera caso, ao Presidente e Secretario desta.

31

32Disposicións adicionais

33

34Primeira - Correspondencia na denominacións das materias.

1 Para os efectos do establecido na presente orde, os termos “materia” e
2 “asignatura” aos que fai referencia o Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo
3 que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
4 Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de
5 3 de maio de Educación, correspóndense, respectivamente, cos termos “área
6 de coñecemento” e “materia”.

7

8 **Segunda - Sistema de Xestión Calidade.**

- 9 1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
10 Educativa, no ámbito das súas competencias, establecerá cantas
11 normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de
12 garantía interna da calidade dos centros de ensinanzas artísticas
13 superiores.
- 14 2. A Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia
15 deberá establecer protocolos e liñas de actuación segundo os
16 parámetros establecidos pola Asociación Europea para a Garantía da
17 Calidade da Educación Superior e polas institucións nacionais e
18 autonómicas que se determinen por parte da Dirección Xeral de
19 Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- 20 3. A Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia
21 establecerá un Sistema de Garantía Interna da Calidade coa finalidade
22 de potenciar a mellora das súas actividades docentes, investigadoras e
23 de xestión.
- 24 4. O Sistema de Garantía interna de Calidade seguirá as normativas
25 establecidas polas administracións educativas en relación cos procesos
26 de xestión, verificación, acreditación e auditorías de calidade.

27

28 **Terceira - Implantación das ensinanzas de grao en Conservación e** 29 **Restauración de Bens Culturais.**

30 Segundo o disposto no Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula
31 o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e
32 Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
33 Educación, na súa disposición adicional cuarta, no ano académico 2010-2011

1 iniciarase a implantación progresiva dos estudos de grao en Conservación e
2 Restauración de Bens Culturais, na Comunidade Autónoma de Galicia.

3

4 **Disposicións transitorias**

5 **Primeira** - De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real
6 decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das
7 ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de
8 Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, a
9 Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
10 establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente
11 de plans de estudos anteriores a entrada en vigor desta orde.

12

13 **Segunda** - Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non
14 será de aplicación o establecido na presente orde. A Dirección Xeral de
15 Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa comunicará á
16 escola as especialidades e o número de vacantes que en cada caso se
17 determinen.

18

19 **Disposicións derradeiras**

20

21 **Primeira.**- Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
22 Innovación Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para
23 o desenvolvemento desta orde.

24

25 **Segunda.**- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no
26 Diario Oficial de Galicia.

27

28 Santiago de Compostela, de 2010.

29

30 Jesús Vázquez Abad

31 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

1

2

3 Para os efectos do disposto no Anexo da presente Orde, terase en conta o

4 seguinte:

5

6 1.- Significado das abreviaturas

7 **F.B.** = Materia con carácter de Formación Básica

8 **O.E.** = Materia con carácter de Obrigatoria de Especialidade

9 **Horas de clase/semana** = Horas lectivas de clase programadas á semana

10 con presenza do profesorado.

11 **Horas clase /curso**= Horas de clase lectivas con profesor por curso e materia

12 **1º /2º cuadr.** = Materia que se imparte só no 1º / 2º cuadrimestre do curso

13 académico.

14 **Tipo** = Materia Teórica (**T**), Teórico-Práctica (**T:P**) ou Práctica (**P**)

15 **Crédito ECTS** = Total de créditos ECTS asignados a cada materia do plan de

16 estudos.

17

18 2.- O plan de estudos contempla 38 semanas lectivas completas para cada

19 curso académico

20

21

1º Curso Común	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIS						
Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
PRINCIPIOS TÉCNICOS E METODOLÓXICOS DE CONSERVACIÓN- RESTAURACIÓN	Principios Técnicos e Metodolóxicos da Conservación - Restauración	F.B.	T.	8	--- -	152	7
	Prácticas de Reintegración	F.B.	T.	-----	8	152	7
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BEN S IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓN E TRASLADOS	Principios de Conservación Preventiva I	F.B.	T.	3	---- -	57	3
	Principios de Conservación Preventiva II	F.B.	T.	-----	3	57	3

PROCEDEM. E TÉCNICAS ARTÍSTICAS	Debuxo e Cor	F.B.	TP	4	152	7	
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á C-R.	Informática Aplicada á Documentación	FB	TP	3	114	6	
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA: FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS A C.-R.	Fundamentos de Física e Química	FB	T.	3	114	6	
	Bioloxía Aplicada a Conservación. - Restauración	FB	T	2	76	4	
HISTORIA DOS BENS CULTURAI	Historia da Arte e os Bens Culturais I	FB	T	3	114	7	
	Antropoloxía e Patrimonio Etnográfico	FB	T	2	76	4	
TEORÍA E Hª. DA CONS.-REST.. E NORMATIVA PARA A PROTECC. DO PATRIM.	Teoría e Historia da Conservación - Restauración	FB	T	2	76	6	
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
				2º Curso Común GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI			
PRINCIPIOS TÉCNICOS E METODOLÓXICOS DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Prácticas de Consolidación e Adhesión de Bens Culturais	FB	TP	7	---	133	7
	Prácticas de Limpeza de Bens Culturais	F.B.	TP	-----	7	133	7
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Principios de Conserv. Preventiva III	F.B.	T.	2	----	38	2
	Principios de Conserv. Preventiva IV	F.B.	T.	-----	2	38	2
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE	Técnicas Fotográficas	F.B.	TP	3		114	7

1

18

IMAXES.							
PROCEDEMENTOS E TÉCNICAS ARTÍSTICAS.	Procedementos de Bens Culturais	FB	TP	4		152	7
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓN A C.-R.	Física e Química Aplicada:Limpeza e Adhesión	FB	T.	3	----	57	3
	Física e Química Aplicada:Axentes de Alteración.	FB	T	----	3	57	3
TECNOLOXÍA E PROPIEDADES DOS MATERIASI	Tecnoloxía e Propiedades dos Materiais	FB	T	3		114	7
HISTORIA DOS BENS CULTURAI	Historia da Arte e os Bens Culturais II	FB	T	3		114	7
METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN	Metodoloxía da Investigación e da Documentación.	FB	TP	3		114	4
PROXECTOS DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Difusión, Técnicas de Comunicación:TIC's	FB	TP	2		76	4
	TOTAIS:			30	30	1140	60

1

2

3º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI						
	Especialidade: BENS ARQUEOLÓXICOS						
Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS ARQUEOLÓXICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos I	O.E.	TP	13	----	247	11
	Prácticas de Conservación activa de Bens Arqueolóxicos II	O.E.	TP	-----	13	247	11
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos I	O.E.	T.	2	-----	38	3
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓN E	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Arqueolóxicos I	F.B.	T	2	-----	38	2
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Culturais II	F.B.	T	-----	2	38	2

1

19

TRASLADOS							
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO: APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico I	OE	TP	4	-----	76	4
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico II	OE		-----	4	76	4
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Arqueolóxicos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á CONS.- RESTAUR.	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Arqueolóxicos II	FB	TP	-----	2	38	2
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓN Á CONS.-REST.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2
	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª. DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO. APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Arqueolóxicos I	OE	T	3	-----	57	4
	Historia dos Bens Arqueolóxicos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI S Especialidade: BENS ARQUEOLÓXICOS						
	Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso
1º cuadr.					2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS ARQUEOLÓXICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos III	O.E.	TP	12	----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos II	O.E.	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Arqueolóxicos	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos II	O.E.	T.	-----	2	38	3

1

20

CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓN E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Arqueolóxicos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO: APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico III	OE	TP	3	-----	57	3
XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA: FUNDAMENTOS E APLICACIÓN A CONSERV.-RESTURA.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4
PROXECTOS DE RESTAURACIÓN-CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4
Hª. DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO. APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Arqueolóxicos III	OE	T	3	-----	57	4
PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8
TOTAIS:				30	20	950	60

1

2

3º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI S Especialidade: BENS ESCULTÓRICOS							
	Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
1º cuadr.					2º cuadr.			

1

21

METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS ESCULTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Escultóricos I	O.E.	TP	13	----	247	11
	Prácticas de Conservación activa de Bens Escultóricos II	O.E.	TP	-----	13	247	11
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos I	O.E.	T.	2	-----	38	3
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos I	F.B.	T	2	-----	38	2
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos II	F.B.	T	-----	2	38	2
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO .APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico I	OE	TP	4	-----	76	4
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico II	OE	TP	-----	4	76	4
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Escultóricos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á CONS.- RESTAUR.	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Escultóricos II	FB	TP	-----	2	38	2
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA.FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONS.-REST.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2
	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª. DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO.APPLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Escultóricos I	OE	T	3	-----	57	4
	Historia dos Bens Escultóricos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI Especialidade: BENS ESCULTÓRICOS
---	---

1

22

Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS ESCULTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Escultóricos III	O.E.	TP	12	----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Escultóricos II	O.E.	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Escultóricos.	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico III	OE	TP	3	-----	57	3
XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA: FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONSERV.-RESTURA.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4
PROXECTOS DE RESTAURACIÓN-CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4
Hª. DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO .APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Escultóricos III	OE	T	3	-----	57	4

PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8
TOTAIS:				30	20	950	60

1

2

3

3º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIS						
	Especialidade: BENS PICTÓRICOS						
	Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/cursu
1º cuadr.					2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS PICTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Pictóricos I	O.E.	TP	13	----	247	11
	Prácticas de Conservación activa de Bens Pictóricos II	O.E.	TP	-----	13	247	11
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos I	O.E.	T.	2	-----	38	3
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos I	F.B.	T	2	-----	38	2
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos II	F.B.	T	-----	2	38	2
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL PICTÓRICO .APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico I	OE	TP	4	-----	76	4
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico II	OE		-----	4	76	4
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Pictóricos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á CONS.- RESTAUR.	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Pictóricos II	FB	TP	-----	2	38	2
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA FUNDAMENTAL	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2

1

24

	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª DO BEN CULTURAL PICTÓRICO.APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Pictóricos I	OE	T	3	-----	57	4
	Historia dos Bens Pictóricos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
	TOTAIS:			30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI S Especialidade: BENS PICTÓRICOS						
	Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso
1º cuadr.					2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS PICTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Pictórico III	O.E.	TP	12	----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Pictóricos II	O.E.	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Pictóricos.	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL PICTÓRICO APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico III	OE	TP	3	-----	57	3
XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONSERV.-	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2

1

25

RESTURA.								
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4	
PROXECTOS DE RESTAURACIÓN-CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4	
Hª. DO BEN CULTURAL PICTÓRICO .APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Pictóricos III	OE	T	3	-----	57	4	
PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6	
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8	
	TOTAIS:				30	20	950	60

1

2